

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, por medios dos seus membros Antón Sánchez García, Xabier RON Fernández e Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión**, relativa ás persoas refuxiadas a causa da guerra civil provocada polo imperialismo en Siria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a ACNUR, a causa da guerra civil que vive Siria o número de persoas refuxiadas só en países limítrofes ascende ás 4.089.023. A magnitude desta crise humanitaria provoca que unhas 3.000 persoas ao día, estimación ofrecida tamén polo mesmo organismo de Nacións Unidas, trate de chegar a Europa, sobre todo a través de Grecia e os Balcáns.

As imaxes que estamos vendo a diario de homes, mulleres e nenos sendo tratados coma gando nas fronteiras de Europa devólvennos aos peores tempos da convulsa historia, aos tempos anteriores á Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, onde a dignidade humana desaparecera por completo.

Mais a responsabilidade de Europa para con estas persoas non se debe unicamente a cuestións humanitarias. A vontade de desestabilizar Oriente Medio forma parte dunha estratexia dos países occidentais polo control xeopolítico desa parte do mundo e dos seus importantes recursos, en especial enerxéticos, que atesoura.

Así, sabido é o papel xogado por algún país europeo na venda de armas a grupos que, no seu momento, foron tildados de “demócratas” e que hoxe abrazan o fundamentalismo relixioso e que pretenden impoñer en Siria costumes dogmáticos e que vulneran dereitos básicos das persoas. Tamén España é un país que adoita exportar armas a países coma Emiratos Árabes Unidos ou Arabia Saudí coñecidos por armar, á súa vez, a determinadas faccións sirias.

Ademais, como ten constatado Bruxelas, os países da UE violan con total impiedade os dereitos das persoas refuxiadas que solicitan asilo. En concreto, *o artigo 18 da carta de Dereitos Fundamentais da UE* que, en consonancia co *artigo 14 da Declaración de Dereitos Humanos*, esixe a salvagarda do dereito de asilo para todas as persoas en clara necesidade de protección internacional. E ese é o caso que denunciámos hoxe.

A Comisión Europea vén de facer pública a cantidade de persoas refuxiadas que debería asumir España: 5.837. Cantidade que o goberno central cualificou como “desproporcionada”. Se esa cantidade se repartise por CCAA en base á poboación, a Galiza corresponderíalle acoller 707 refuxiados. Unha cantidade de persoas que nos parece totalmente asumible e que demanda de nós un maior compromiso dada a nosa condición de pobo que coñece de primeira man o que é ter que deixar o país de nacemento en busca dun futuro mellor e que tamén coñeceu, por mor da guerra civil española e a posterior ditadura franquista, o que é fuxir dun país en guerra ou exiliarse.

Por conseguinte, en atención ao referido, o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento galego insta ao goberno da Xunta a:

- 1) Instar ao goberno español non só a que acepte o número de persoas refuxiadas proposto pola Comisión Europea, senón a que se comprometa a acoller un maior número de persoas, non só por

tratarse dalgo asumible, senón para dar cumprimento ás normas en materia de dereitos das persoas refuxiadas en materia de asilo.

- 2) Declarar a Galiza “Terra de acollida” en referencia ás persoas refuxiadas que foxen de países en guerra e situación de miseria.
- 3) Crear e dotar economicamente o plan “Refuxio en Galiza”, onde se destinen partidas para a creación ou posta en funcionamento de centros de acollida de persoas refuxiadas en condicións de dignidade.

En Compostela, a 3 de setembro de 2015

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 03/09/2015 12:45:57

Yolanda Díaz Pérez na data 03/09/2015 12:46:01

Anton Sánchez García na data 03/09/2015 12:46:06